



CG/ip

Asunto	Traslado da resposta do promotor ao 3º informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Clave	PE-CO-022-20(3)
Proxecto	Parque eólico Felga		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Mandeo		
Concello	Aranga e Oza-Cesuras		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Ref.	IN408A 2017/19
Promotor	Greenalia wind power SLU	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante escrito do 25.08.2022, o Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a resposta do 01.08.2022 de Greenalia Wind Power S.L.U ao informe do 11.07.2022 sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico de referencia, acompañado da seguinte documentación:

- “ Respuesta a Informe de la Dirección General de Patrimonio Natural”.

II. Análise e conclusión da resposta do promotor ao informe do 11.07.2022.

O promotor límitase a realizar unha serie de manifestacións sobre o pintado de negro dunha das pas de cada un dos aeroxeradores e comunica que iniciou un novo estudo da actividade de quirópteros na zona de implantación do parque eólico mediante a toma de datos coa instalación dunha gravadora automática continua de ultrasóns na torre anemométrica de estimación de recurso instalada na zona.

Ningunha das cuestións manifestadas introduce cambios sobre o xa informado, polo que **só cabe ratificar o devandito en anteriores informes.**



O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas